

155

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia  
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



## Decálogo do Nacionalismo Galego

- |   |  |
|---|--|
| I<br>Autonomía de Galicia.  | VI<br>Sustantividade do dereito fo-<br>ral galego.                             |
| II<br>Autonomía municipal.  | VII<br>A terra para os que a traba-<br>llen, e libre de gravames.              |
| III<br>Co-oficialidade dos idiomas<br>galego e castelan.  | VIII<br>Repoboación forestal forzosa.  |
| IV<br>Igualdade de dereitos civís e<br>políticos para a muller e para o<br>home.                                      | IX<br>Entrega á propiedade parti-<br>cular das terras incultas do Es-<br>tado. |
| V<br>Representación proporcional<br>e non elixibilidade dos que non<br>rindan función útil para a colec-<br>tividade. | X<br>Libre cambio.   |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-  
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita. 17. baixos. A CRUÑA


# Renold

## EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL

Nova baixa de prezos postos en vigor

	ANTES	AHORA
CHASSIS COMUN...	Pesetas 4.480	<b>4.230</b>
VOITURETTE para 2 pasaxeiros, aberto con arranque	» 6.300	<b>6.070</b>
VOITURETTE » 2 » » sin » »	» 5.790	<b>5.675</b>
DOBLE FAETON » 5 » » con » »	» 6.630	<b>6.350</b>
DOBLE FAETON » 5 » » sin » »	» 6.125	<b>5.965</b>
SEDAN » 5 » (coche cerrado con arranque) »	» 12.050	<b>11.290</b>
COUPE » 2 » » » »	» 10.975	<b>10.215</b>
CHASIS AUTO-CAMION, de 1 tonelada . . . . . »	» 5.050	<b>5.735</b>

Estos prezos enténdense bordo Cádiz con dereitos de Aduanas pagados



Axiña recibiréi unha remesa de vinte autos e camiós, pól-o que recomendo aos moitos clientes que lles interesa adequirilos; faigan os pedidos EN FIRME, pois a demanda e moi superior as posibilidades da entrega inmediata. As entregas faranse por riguroso orde de turno.

Gran servicio económico de autos de alquiler

**LUIS GRANADOS**  
AXENTE

Oficiña, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Todas mis ofertas se entienden sin compromiso y sujetas a mi confirmación. As mercancías viaxan por conta e resgo do comprador, non ademiñando devolta dempois da saidas do almacén

**Payo Gómez, 5**  **A Cruña**  **Teresa Herrera, 6**

DIRECCION TELEGRÁFICA: **LUGRAFORD.**

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VI — NÚMERO 155 — 15 XANEIRO 1922

1922



FERRER-CORUÑA

¿Será este ano o ano noso?

## Antón Villar Ponte

Despois de unha labor de varios anos en que puxo toda a ideoloxía da nosa Santa causa neste boletín, Antón Villar Ponte presentou a súa dimisión de director de «A NOSA TERRA». Dende hoxe un Consello de Redacción composto de prestixiosos literatos e entusiastas irmáns, redactará este boletín que recibirá a inspiración d'esta e demais Irmandades de que é orgo.

Fólganos decir que o gran periodista, noso irmán Villar Ponte, sigue sendo un dos mais fortes paladíns do Nacionalismo galego, no que pon toda a súa alma e seu amor a esta Terra gallega pol-a que ven traballando con unha fe incansable que debe servir de exemplo a todol-os nazonalistas.

Cómpreme facerlle a xusticia de estampar estas verbas que espresan o noso sentir.

O Conselleiro primeiro da «Irmandade da Fala» na Cruña,  
**Francisco M. Balboa.**

Dende hoxe a dirección d'este boletín está a cargo do Conselleiro primeiro da "Irmandade da Fala" na Cruña, e que preside o Consello de Redacción, a quen se dirixirá a correspondencia e colaboración.

## ¡IRMANDADE!

As nacionalidades, asoballadas pol-os imperialismos que hasta o d'agora informaron o goberno dos grandes estaos, esperguízanse e arrecadan a liberdade a que tiñan dereito. Hoxe é a mártir Polonia, a manumitida Ukrania, as pequenas nacións bañadas pol-o Báltico, a forte e rexa irmán Irlanda; mañán serano tamén aquelas outras que sinten nas almas arelas de redención.

Galicia, a terra santa e quirida, berce d'aquel Brigo patriarca dos pobos celtas, cuia personalidade foi sempre negada pol-os alleos; que nos séculos medievales foi xoguete de reises e ifiorantes señores, pasando d'unhas mans a outras coma xoya sin dono; soupo manter, firme e recia na súa alma, a diferenciación que a particulariza e distingue das demais nacionalidades ibéricas: o seu idioma, os seus costumes, o espírito de sacrificio e traballo herdado dos seus nobres antepasados.

Non son agora tempos de que os bós galegos s'entretían en loitas bizantinas e fatricidas. A miés, de que fala o poeta, chegou á maturidade, e precisase que a simbólica fouce sea afiada como agudo crecente. ¡Ai d'aquel que non traballe na ceifa que ha de donar aos nosos fillos unha patria libre e fanturenta! Xa non debemos nin podemos facer filiación entre os loitadores. Os que veñan co corazón limpo de xenreiras, a poñerse acaron da nosa bandeira, a labrar no noso obradoiro d'enxebreza, atoparán as portas francamente abertas e brazos d'irmans que os apreixarán con agarimosa querencia.

Poetas e obreiros, traballadores do mar e da terra, sabios e ifiorantes, mozos e vellos, todos serán medidos e apreciados por un só módulo: o amor que garden no seu corazón pol-a terra que os veu nacer. Este sentimento será o que pode donar xerarquías aos loitadores.

A facer, pois, unha forte e numerosa irmandade rexida pol-as leises do amor, inspirada nos mais desinteresados e impersonais sentimentos, co mesmo ideal sinxelo e solermiño que poida sentir o mellor fillo pol-a mais esgrevia e santa das nais.

V<sup>da</sup> de H. Hervada **Casa fundada en 1865**  
**A CRUÑA**

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Suscríbese vostede

**A NOSA TERRA**

## DO PASADO

O genete, pois remete  
Seu alfaraz corredor  
Estrememente se esmorece  
O coteyfe con pavor.

Vi coteyfes arpelados  
Estar muy mal espantados,  
E genetes trosquiados  
Cobrian-nos a redor,  
E grañaos mal aficados  
Perdían-n'a color.

Vi coteyfes de grañón  
En o meio do estío  
Estar tremendo sen frío  
Ant'os muros d' Azamor;  
Enchia-se d'eles o río  
Que auga d' Alquivir maior.

Vi eu de coteyfes azes  
Caes siquaces  
Aves piores cá rapazes,  
E ouveran tal pavor,  
Que os seus panos de races  
Tornan d'outra color.

Vi coteyfes con armaños  
Coñecedores de viños  
Que raposos dos martiños  
Que non trazian se non  
Sairen a os mesquiños  
E fezeron todo o peor.

Vi coteyfes e cochens  
Co.1 muy longos grañoes  
Que as barbas dos cabroes  
E o son do atambor  
Os deitaba dos arçoes  
Ant'os pes do seu señor.

ALFONSO IX DE LEON.  
(Século XII).

## AINDA OS CEGOS VIVEN DA CARIDADE

(Dibuxo de Castelao)

Tendo dereito á vida,  
tanto coma o que mais,  
inda no mundo os cegos  
viven da caridá:  
que inda os leixados viven  
tristes tendendo a man,  
para pregar, humildes,  
un ben de caridá.

Os que da Terra sua  
non sinten os afás,  
e, fillos desleigados,  
renegan do seu lar.  
Os que con malos ollos  
miran o patrio chan,  
e falan con desprecio  
da casta dos seus país.  
Os que por fala allea  
esquecen seu falar:  
son coma cegos que pobres no mundo  
viven da caridá.

EUXENIO CARRÉ ALVARELLOS

## OS ESQUENCIDOS

## O ARADOR

¡Afellas, os bois baixaron  
desque na feira os comprei!  
Ben os pobres traballaron...

*¡Ei, boi, ei!*

Mais sementei este trigo  
e non habrei de comelo...  
¿pois logo quen? ¡nada digo!

*¡Ei, marelo!*

Pra axuda da miña casa  
boa anada collerei  
¡Sabe Deos o que nos pasal

*¡Ei, boi, ei!*

Xa queda ben sementado  
estrumado n' hai que velo.  
¡E nada direi de aradol...

*¡Ei, marelo!*

E pra o primeiro domingo  
po-la leira tornarei  
pra ver se nado o distingo.

*¡Ei, boi, ei!*

Ao rego, ao rego velliños  
non torzades o argadelo  
traédemo ben pobriños.

*¡Ei, marelo!*

Unha cruz de palla feita  
aquí no medio porei  
que as meigas poña en desfeita.

*¡Ei, boi, ei!*

E Deos que é todo bondade  
e a Virxe que é toda celo  
xa terán de min piedade.

*¡Ei, marelo!*

Xa remato, e fame teño.  
¿Mais qué dixen? ¡Calareil  
Que ser soberbo é do deño.

*¡Ei, boi, ei!*

MANUEL YAÑEZ GONZÁLEZ

(Ano 1897)

## A MAREIRA

Na beira do mar, alí onde se xuntan as augas do Cantábrico coas do Atlántico, no corruncho mais deleitoso da ría amada por Brigo, hai unha vila ridente e branca adicada samente as tarefas da pesca.

Un longo areal, en todo o frente, é o seu principal instrumento de vida. Nel tenden as redes para seren recompostas; varan as graciosas lanchas e as cucas e ben feitiñas minuetas; acenden lume para encascaren o velame das embarcacións; n-unha verba: a ribeira é, ao mesmo tempo que un campo comunal de traballo, unha defensa contra as furias do mar, e sin ela non fora posibre a vida das xentes da mariñeira vila.

Nin o concello, nin os vellos gremios de mareantes, nin as autoridades da mariña, tiñan para o areal o menor cuidado e vixilancia. Alí quedaban as borbas dos peixes, as cascas da encascada, a xebra que empodrece henchen-do o ar de acidumes fedentes, e repuallos de todol-os orixes e procedenzas, hasta que chegou o día en que non era posibre nin doado utilizar aquel natural campo de traballo.

Mais chegou a época equinocial do inverno. As negras augas baixan, n-un retroceso extraordinario, hasta descubriren o encantilado e as pálidas e moles vexetacións do fondo.

Os baixos da ría comenzaron a branquear. As ardentías desfanse con estrondo nos escuros penedos da outra banda, e as gaivotas, en voo tendido e praneado, cruzan cara ás agras da mariña, coma fuxindo d'un gran perigo.

Os vellos e experimentados mariñeiros anunciaron que a mareira, a fera e traidora tempestade, estaba arrecadando as suas forzas xigantescas. A mala nova corre pol-a confiada vila, e na ribeira son varadas as pequenas embarcacións que mais a man estaban. As xentes devotas, as mulleres sobre todo, van á capela do milagreiro San Roque a dirixirlle pregos e a ofrecerlle novenas para que amainaran as furias do mar, salvando a vila dos perigos d'outrora en que algunhas casas, acaron do areal, foran derrubadas.

Mais... a mareira sigue o seu camiño, bruante, impracable, erguendo as outas ardentías n-un estrondo enxordecedor. Semellaba que a fin da ridente vila era certa.

As augas baten e bruan na ribeira; ao tornaren levan consigo grandes masas d'area, traendo despois, en novas acometidas, o lavado e branco xabre des fondos da ría.

As xentes, arripiadas por aquel balbordo, siguen rezando na capela, agardando a protección do ceo.

A mareira foise amainando, esvaíndo; pero a sua labor foi de rexeneración ixiénica, pois deixou aquel proveitoso campo de traballo, que a todos interesaba, limpo e disposto para seguiren nel as tarefas comunas da vila.

Que os mesmos elementos desatados da natureza, coas suas inconscencias salvaxes, son escola onde o home pode adprender o camiño do seu melloramento e redención.

ASIEUMEDRE.

## Cataluña e Galicia

Ben merece ocuparse dos intereses da nosa adourada Galicia, d' esta Patria que tanto amamos, d' este corrunchiño que con riscos tan maxistrás e de tan vigorosa entonación poética, describe na sua Historia da cidade Compostelana, D. Félix Moreno Astray un dos chamados precursores da nosa rexeneración actual, e o insigne don Manuel Murguía.

E esta excepción xustifica-se plenamente con solo considerar: 1.º Que Galicia vive desamparada pol-os poderes constituídos, abandonada aos seus propios esforzos, vítima do desprecio e esquecemento a que a condenan seus fillos espúreos. 2.º Que inxeute desta angustiosa situación érguese con noble altivez e loita valentemente por-a sua perdida independencia, traballando sin acougo e procurando xuntar as forzas espalladas e facer unha von-

tade única, para conquistar o tempo dos seus ideás; e 3.º Porque é preciso amostrar aos bós e malos gallegos cal é o camiño dereito que teñen de seguir para chegar axiña ao conquerimento da súa rexeneración política e moral, facendo-lles ver as súas fraquezas e debilidades, que retardan cando non matan as mais grandes e bellas tentativas, e loubandolles as súas virtudes e heroísmos que quedan sempre en honra e proveito da malfadada terra galega.

Galicia e Cataluña son as dúas nacionalidades que mais se afanan pol-a súa independencia e liberdade, anque con diferente sorte: Galicia, probe e desditada, érguese do pó da súa humillación e dirixe clamorosas protestas aos seus verdugos por medio dos seus tenros poetas, que c'oa súa lira patriótica exordecen os ares con hinos pindáricos e pregarias e queixas que son as notas perdurables da esclavitude e da miseria, ou por medio de unha constante emigración, que deixa tristes e solitarios seus vales e montañas, súas poéticas aldeas e seus fermosos casales, e incultas e abandonadas súas antes risonhas e ricas campiñas.

En troco Cataluña rica e poderosa, non roga, nin prega, nin chora: exige e manda; non emigra nin se fai probe; poboase e atesoura-se; e formando a dianteira dos exércitos rexionás, é decote respetada pol-o centralismo pol-a razón de que lle teme e considera-a. Pero ambas nacionalidades xúntan-se, axúdan-se, comprétan-se. Galicia cuberta de farrapos, c'oa face murcha e triste, como esas neniñas mendigas que arrastran a súa miseria ás portas da familia rica ou acomodada, camiña silenciosa seguindo o camiño da dona elegantemente vestida e chea de mocidade, de vida e de talento, que se aventura contra os seus perseguidores fiada no poder da súa enteireza e nas enerxías do seu carácter indomable.

Galicia fixo-se e síguese débil e impotente pol-a división e envexa dos seus fillos: Cataluña forte e poderosa, pol-a unión, solidariedade, e cohesión que entre os seus teñen: Galicia non pode saír das esferas abstractas da poesía, literatura e arte, nin levar á práctica os proxectos ideados pol-os seus grandes homes, nin dispensar protección aos xenios que nas súas obras inimitables estudaron os remedios que podían utilizarse para evitar a nosa decadencia e ruína; Cataluña, que tivo e ten tamen seus grandes poetas, historiadores, prosistas e literatos, puxo en execución activa e diligente seus vastos e sabios plans de autonomía e descentralización rexionales, logrando alcanzar un lugar próximo ao cume do progreso social, político, moral e económico das nacións modernas.

O exemplo de Cataluña e a influencia que os seus homes e as súas cousas cheguen a exercer en nós quizaves poidan salvarnos: noso entusiasmo pol-a TERRA PATRIA chega ao delirio: o noso amor para ELA é probado: sentímol-o ao repousar á sombra dos seus frescos arboredos,

ao recorrer os nosos vales con abundantes augas cristalinas, ao subir pol-os poboados outeiros. Ao respirar o ambiente resinoso dos pinales, ao internarnos nos espesos soutos e n-as gandrás solitarias, ao atravesar o Miño, o Sil, o Ulla, o Avia, o Umia, o Eume ou o Allons, ao surcar as Rías Baixas e ao escoitar o alalá saudoso e ao leer aos nosos poetas e ao escoitar a gaita e o tamboril, e ao presenciar os *folións* e ver bailar a *muiñeira*, e ao admirar as feiras e mercados e ao visitar as hermidas e santuarios e gozar da rebunbia sin igual das ledas romerías: somos nacionalistas, pero nacionalistas ferventes, exaltados, convencidos e confesados, sinten-o e din-o os nosos escritos, os nosos clamores, os nosos rogos, nosas pregas ao poder soberano e con elocuencia aterradora e imponente esas milleiras de emigrados en terras de América, acosados pol-a lembranza dos seus fogares valeiros, desterrados pol-a fame, acurrados pol-os impostos e gabelas e amedrentados pol-o caciquismo das vilas e das aldeas que os chimpou fora da Patria, como malditos de Deus, sin fogar e sin familia. Pero a inercia abate-nos e consume-nos; choramos as desventuras e calamidades da Patria, como débides mulleres sin pensar n-os medios ou procedimentos eficaces para redimil-a e salv-a. Velai-teses o noso erro, o noso desdeixamento, o noso imperdoable e gravísimo pecado. Procuremos enmendarnos siquiera en favor das xeracións vindouras a quen aproveitarán de cheo os froitos da restauración nacional por nós intentada e defendida.

#### NACIONALISMO GALLEGO

## O que é unha nación

Teño lido, teño ouvido moitas definicións do que é unha nación. Sempre se fala da nación con vaguedades. O mesmo Max Nordau fixo fai catro ou cinco anos no Ateneo de Madrid sobre da nación, unha palabra para rapaces de segundo de Facultade, unha lección de Santa María de Paredes...

Mais o profesor americano Burgss tiña chegado á definición da «nación ideal» como: «unha poboación dotada de unidade étnica que habita un terreo dotado de unidade xeográfica» Contra d'esto poñen o caso dos xudíos que compoñen unha nación ben definida, espallados pol-o mundo enteiro, até falando línguas diferentes, xunguido só pol-os vínculos do sangue e da tradición. Mais esquecen o «sionismo», esquecen que o que mais xungue aos xudíos é cicais a lembranza da terra de Canaan. Hai un nacionalismo israelita, mais este nacionalismo fúndase na esperanza de tornar á terra; os xudíos non son unha nación, non se consideran unha nación: é unha raza que arela a reconstitución da súa nacionalidade.

Os viños do Ribeiro

**ARNOYA FINO**

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: **Waldo Losada**

A nacionalidade supón a terra. Porteiro creía con Renan e Jellinek que o que caracteriza a nación é unha unidade espiritoal. Eu insisto no valor da terra, primeiramente, pol-o fondo «sentimento da terra» que distingue a alma galega e que é algo ben noso, cicais o mais noso; e secundamente pol-o meirande cada día que lle dá a moderna ciencia xeográfica. «Ortega e Gasset»—citado por Villar Ponte no seu «Nacionalismo Gallego»—di comentando a «Dantín Cereceda»: «Soio baixo a especie de rexión influíe a terra sobre do home».

A configuración, a escultura do terreo, poboada das plantas familiares, e sobre d'ela o ar húmedo ou seco, diáfano ou pelúcido, é o «gran escultor da humanidade». Como a auga da lle á pedra, pingueira a pingueira, a sua labranza, así a paisaxe modela a sua raza de homes pingueira a pingueira, quer dicir, costume a costume. Un pobo é primeiramente, un repertorio de costumes. Esta importancia do factor terra, pode ademais servir para separar as nacionalidades nómadas das nacionalidades sedentarias. Falamos aquí de pobos sedentarios, de pobos civilizados, de pobos europeos.

Ora, na Europa, unha nacionalidade é un pobo afinado n-unha terra, é un grupo de homes xunguidos entre eles, xunguidos c'oa terra de que son donos colectivamente, e que traballan en común, por un conxunto de vínculos, naturaes, nados da comunidade do orixe e da convivencia no terreo.

Estes vínculos (fala, tradicións, costumes, historia, etc.), añadiendo a sua acción á da étnia e á da terra, determinan nos individuos certas coincidencias psicolóxicas, certo modo de ser común a todos eles, que constituíe o «carácter nacional», e xungen n-unha entredependencia, n-unha solidariedade necesaria os intereses de todos eles, n'un interés colectivo superior que é o «interés nacional».

A nación ven a se resolver d'este xeito, n-unha comunidade, de intereses espiritoales e materiais determinada pol-a natureza.

VICENTE RISCO.

## Os chulos da meseta

Según telegrama da Irmandade Céltiga dirixido ao Presidente da Irmandade da Cruña, un fato de analfabetos de camisa pranchada e castelás por mais señas deron berros de morra Galicial, n'unha festa celebrada na Casa de Galicia en Madrid.

Indinariáanos a noticia si esa horda africana houbera feito algo mais que espresar o común sentir das xentes de Castela, mais concendo de vello o seu odio hacia nós, envolvemol-os a todos no mesmo desprecio.

Lamentamos somentes que a resposta dada pol-os rapaces da Irmandade Celtiga non teña sido todo o «contundente» que fora de desexar.

Temos tamén recibido un telegrama firmado por un Sr. Doval no que se nos dí que alí non pasou nada. Igual telegrama recibiu o xornal «La Voz de Galicia» que como é de supoñer comentouno ao seu xeito.

Nós, sinceramente coidamos que dito telegrama foi imposto por algún desaprensivo que tivo a ousadía de facer uso de nome do Sr. Doval, pois non podemos conven-

cernos de que este señor tan enteirado de canto pasa na Casa de Galicia, ignore que houbo unha verdadeira batalla campal, e que tivo de reunirse urxentemente a Xunta directiva e acordar a expulsión de «quinze castelás» socios de aquel centro.

Coidamos no deber de advertir ao firmante do telegrama, quen queira que teña sido, que estamos d'abondo ben informados para que un simple telegrama poida servir de defensa ao feito de que un centro que leva o nome da nosa Pátria admita no seu seo socios castelás, que por lei de casta, levan inoculado na alma un odio mortal ás nacionalidades ibéricas.

E aínda que nós paguémoslle na mesma moeda debemos recomendar á Casa de Galicia en Madrid que se mire no espello do Centro Gallego da Habana.

## Congreso mundial da Raza Irlandesa

Nesta data terán chegado xa a París moitos dos asistentes e delegados do Congreso mundial da Raza Irlandesa. Están xa en camiño os que veñen da Nova Zelandia, Tasmania e outros lonxanos países. As xuntanzas do Congreso durarán 8 días e o comenzo terá de ser o 21 de Xaneiro do 1922.

Tomarán parte delegados de 16 países. No Congreso discutiránse diversos proxectos, encamiñados a conquistar o desenvolvemento económico da Irlanda, e buscarán os medios de recompoñer o desfeito con motivos da recente guerra. Tratarase tamén de rexurdimento da Lingua irlandesa, así como da Arte e oficios nacionais.

O segredario honorario que leva a dirección dos preparativos do Congreso é Thomas Hughes Kelly, de New-York. Nos seus traballos axúdalle a distinguida escritora canadense Catherine Hughes, que é a segredaria organizadora. No comité están representadas Irlanda, Francia e Australia, esta última por unha sobriña do célebre eminente arzobispo Mannix.

Ao mesmo tempo que o Congreso, faránse representacións de teatro irlandés en idioma gaélico e tamén en idioma francés nun dos teatros parisinos. Tamén estase organizando un concerto de música irlandesa e concursos de bailes nacionais.

Aínda non se ten feito pública a relación dos obxectos que forman a Exposición de Arte, pero asegúrase que é unha Exposición muy completa e interesante, inxente do pouco tempo de que puideron dispoñer.

Moitos descendentes dos irlandeses desterrados no século XVII e que desempeñaron importantes papeles históricos en Hespaña, Francia e outros países, teñen manifestado seu desexo de asistir ao Congreso. Recebíronse moitísimas cartas de visitantes e delegados norteamericanos. Agardan un enorme número de congresistas, toda vez que teñen feita unha invitación xeneral aos 30.000.000 de seres que levan nas suas venas sangue irlandesa e que se encontran espallados pol-o mundo enteiro. Dos Estados Unidos chegarán grandes agrupacións para asistir ao Congreso. Tomarán parte no mesmo cinco países sudamericanos.

Sómente da Argentina veñen cinco delegados; Chile, Bolivia e Perú, en cuía guerra da independencia desempeñaron tan elevada misión tantos irlandeses ilustres, entre eles O'Brien e O'Higgins, tamén estarán representados.

Este «AONAC nan GAEDÉAL» (Congreso dos gaélicos) será a mais grande reunión da raza irlandesa dende a histórica Asambleira que tivo lugar nos tempos do Rei Brian (ano 1014 de J. C.)

Este Congreso será unha grandiosa reunión familiar con extensa significación mundial, sobre todo para os irlandeses gaélicos que andan espallados por todol-os curunchos da terra. Faíse unha invitación personal a todos os individuos de sangue irlandesa e que estean intresados nas actualidades de Irlanda e no porvir da raza.

**O día 21 d'este mes de Xaneiro vaíse celebrar en París un Congreso mundial da Raza Irlandesa, do que xa temos falado. A él teñen de asistir representantes de todol-os pobos do mundo. Trataráanse asuntos de gran trascendencia para a Raza Celta da que nós, os galegos, somos parte integrante.**

**Sería de lamentar que a Nosa Patria non poidera ter unha representación no dito Congreso. Coidamos, emporiso, que é un deber que n'ese día total-as Irmandades e irmans nosos particularmente envíen uns telegramas de adhesión e saúdo. Estes débense mandar co'a dirección seguinte: "Segretario Honorario do Congreso Irlandés, Chambre, 197 - Grand Hotel - París."**

## ENSAIOS

### Da inferioridade do ensino centralista

Todol-os ensinos e total-as ciencias áchanse subordinadas a condicións de lugar e tempo, de historia, de raza, de terra, de costumes; a ciencia e o ensino, n-unha verba, ao xermolar na realidade en normas de vida e de progreso, teñen de adoitarse á variedade complexa dos elementos que as caracterizan e que as nacionalizan, producindo culturas e civilizacións diferentes, cuia mesma variedade é o mais fecundo xermolo de civilización; o ensino, pois, ten que adoitarse como toda planta viva ao mesmo aire que respira, que somentes eisi se poiden cultivar os pobos.

E ista, por iso, é unha das causas mais fondas da inferioridade hespañola: a inferioridade da nosa cultura, derivada da inferioridade do noso ensino, porque sempre se fixo un ensino verbalista e retórico, extranxeirizado e exótico, uniformista e teorizante, como o ensino d-un pobo que se quere colonizar. Froito d'ise ensino é o tipo de intelectual analfabeto que desfolla todo e non fecunda nada, ise obstáculo imenso que temos para nos poder civilizar, ise tipo que maravillosamente describe un ilustre político: «Xente sin un saber concreto, e que fala de todo; abóndalle unha literatura científica de revista semanal ilustrada con catro ideas cheas de vulgaridade e acarón do chan, e unha ciencia conquerida sin ter deletreado o abecedario do método; eisi se forman unhos homes científicos, que son estranos a toda ciencia. Istes sabios non son sabios, son *oradores* ou *esquirtos*; istos sabios non son matemáticos, ou físicos, ou arqueólogos, ou filósofos, son tan soilo vagamente *intelectuales*. Iste intelectual non

coñece a ciencia na súa tradición con todos aqueles elementos históricos, propios de toda cousa orgánica; somentes coñece a excrecencia científica do momento; para eles non existe o longo camiño recorrido nin a evolución do pensamento científico e do método, sinon o *istante* como unha volvoreteira novidade que nasce no serán d'hoxe para esmorecerse no de mañán; e é cousa de ver nos seus escritos tratar dos mais elementales problemas das ciencias co mais ausoluto desconocimento; mais en troques a bambolla do estilo substituíe á claridade e a modesta verdade. Esta lixeira caparazón de ciencia fai ao home immoral, tan axiña recolle a verdade como a deixa; unhas veces mira para Ourente, outras para Occidente; o máis sagrado do pensamento será falseado, según a súa comenencia; a nobleza e a equidade serán cousas pasadeiras, inda mais obscuras no seu espírito ateigado de dúbidas que os mesmos principios indixestados das ciencias. Por iso o intelectual hespañol nada fixo no inmenso campo das ciencias matemáticas, físicas e químicas, nada n-o descubrimento do mundo crásico, do mundo d'Ourente; casi nada no coñecimento da mesma Hespaña, xeográfica, científica e historicamente descoñecida; nada e nada na formación da complexidade que caracteriza ao mundo moderno.

Por iso os catalás, mestres sempre en cidadanía, na décima-sexta das famosas Bases de Manresa, que son algo eisi como os Mandamentos políticos de Cataluña, decían: «O ensino público en todol-os seus grados, terá de organizarse de un xeito adoitado ás necesidades e ao carácter da civilización de Cataluña.»

Tal é o froito das nosas Universidades e non podemos seguir somentidos por mais tempo a isa degradada escravitude intelectual.

L. Peña Novo.

## ¡TERRA A NOSA!

Temos en Tuy un bispo coa alma acesa no mais grande e ennobecedor dos sentimentos: o amor pol-a patria galega. A santa cobiza d'empoleirar todol-os nosos valores foi sempre a guía do gran amigo Manoel Lago González.

N-un boletín d'Ourense lemos, con verdadeira deleitación, que outro bispo, o señor Cerviño, é tamén un bon galego, un espírito franca e nobremente enxebre, pois cando no seu pazo escoitou a nosa música por un coro d'aquela cidade, dirixeuse aos mozos con este grito, que é todo un programa nacionalista: ¡TERRA A NOSA!

Mais o que non dí o boletín d'Ourense, e que confirma que o señor Cerviño é un galego consecuente coa terra onde nasceu, é que cando, como sucede no auto da consagración dos bispos, tivo que elixir armas, as que escolleu foron as do escudo nacional de Galicia, co santo grial e as sete cruces que simbolizan a federación das sete antigas provincias galegas.

As señales dos tempos son de que a alborada da nosa redención henche xa os corazóns dos bós galegos.

## Enrique Peinador

Tivemos o grande honore de convivir estos días co noso querido amigo e irmán Enrique Peinador. Pasou na Cruña unhos quince días e poidemos conversar con él



sobor da causa galeguista e varios proieitos que tén, entre eles, algunhas festas e actos galeguistas que pensa facer no seu balneario de Mondariz.

Peinador é un dos moi poucos ricos galegos que se preocupan da terra. A súa casa en Mondariz é un verdadeiro santuario do galeguismo sano e puro. Este ano no Agosto pensa facer un acto galeguista que terá a resonancia que tiveron os celebrados o ano pasado e o anterior.

Peinador sabe perfectamente canto o queremos e admiramos os que de cote vimos traballando pol-o trunfo da Nosa Santa Causa.

## A IV Asamblea Nacionalista

A Irmandade do Ferrol ten proposto ao Consello permanente das Irmandades a celebración da IV Asamblea Nacionalista. Os catro irmans que forman o Consello estánse relacionando para tomar acordos encol da proposición dos irmáns ferrolás. Quizais no próximo número poñamos xa dicir cando e onde vaixe celebrar esta Asamblea.

## Sanxurxo Badía

Con rara pero merecente unanimidade todol-os xornás galegos adican artigos de gabanza ao señor don Antonio Sanxurxo Badía,—venerado patriarca do rexurdimento industrial na nosa terra,—con motivo do seu falecemento.

A frocente vila de Sada veuno nacer no ano de 1837, e o día 9 deste mes finou na progresiva cidade de Vigo.

En toda Galicia son ben conosciadas as altas condicións de carácter, d' intelixencia e laboriosidade do señor Sanxurxo; quizais o non sean tanto a súa forte característica d' enxebreza. Era un galego que na súa vida de traballo non empregou outra fala que non fora a da terra que se honraba en tel-o por fillo, e na súa memoria gardaba, como ouro fino, romances populares e tradicións con que engaiolaba aos que tiñan a sorte de ouvilo.

En certa ocasión dicía:—Esto de que haxa galegos que non entendan a nosa fala é unha ridícula mentira. Eu non

falo mais que como debo falar, e os señoritos que veñen á miña fábrica ben m'entenden, porque a comencia abre as portas dos entendimentos.

Era un gran amigo dos obreiros.

En certa ocasión foron a visitalo unha «nutrida comisión de forzas vivas» da cidade da oliva, pra lle dicir que parase os traballos da súa industria, quer dicir o *lock-out*. Don Antonio nada lles dixo: invítannos a que visitaran a horta da fábrica, e cando os tiña n-unha glorieta que dominaba todo Vigo, e principalmente, os talleres da *Industriosa*, díxolles: «Toda esa fermosa vila que se ve dende aquí, fixéronna os obreiros. Esta fábrica, casas e rua que vai hasta a ribeira son miñas, pero todo gracias ao traballo d' eses homes sofridos e bós. Vosotros podeades facer o que vos praza; mais eu...; non cerro a miña fábrica!»

E os seus compañeiros, como el chamaba aos obreiros, seguiron traballando na *Industriosa*. Despois veu a homenaxe que todal-as organizacións de traballadores lle rindiron en xaneiro de 1920.

Galicia perdeu un dos galegos de mais valer, e a redacción de A NOSA TERRA envía á súa dona e aos seus fillos o testimonio do noso mais fondo sentimento.

## Movimento agrario

En Villagarcía téñense celebrado varios mítines pra pedir ao Goberno a libre esportación dos pinos. A eles asistiu o Diputado a Cortes por Chantada D. Leonardo Rodríguez. Os ditos actos foron de gran trascendencia e n-eles fixéronse afirmacións galeguistas.

O viernes 6 do corrente celebróuse en Oza de los Ríos un gran mítin agrario. Tomaron parte no mítin varios amigos nosos, entre eles, os señores Xosé García Acuña e Alfonso de Cal.

A Federación Agraria provincial de Ourense ven facendo varios mítins en toda a provincia. Teñen falado n'algúns varios irmáns nosos e a cuase todos asistiu o elocuentísimo propagandista do agrarismo don Basilio Alvarez.

O próximo 15 celebrarase en Aranga un mítin ao que asistirán varios irmáns da Cruña.

# BIBLIOGRAFÍA

## Letras portuguesas

**DÍAS DE FESTA, por «Ana de Castro Osorio», con ilustracións, fora do texto e en cores, de «Leal da Camara», Lisboa, «Lusitana Editora», S. A. (1922), 112 pags. en 4.º menor.**

A ilustre autora d'este libríño e da que xa temos falado mais d'unha vez nas ringleiras de A NOSA TERRA, tivo a bondade de se acordar de nos obsequiándonos c' un exemplar da súa derradeira obra que vimos de recibir agora, honrándonos c'unha muy spresiva adicación que moito lle agradecemos.

Como xa temos dito a señora de Castro Osorio ten consagrado gran parte do seu talento á unha ben entendida e sana labor pedagóxica e os seus *Contos para nenos*, están cheos da máis sana moral dentro d'unha grande amenidade. Falta fai que en Hespaña teña imitadores o exemplo da benemérita escritora portuguesa para evitar que certos libros anden nas mans dos pequerrechos, sendo o mais triste que coa aprobación de todos.

Moito temos de correxir entre nos n-este senso. Débese de cuidar máis do que hasta hoxe da educación dos que han de sere os homes e mulleres do mañán.

A maoría dos mal chamados libros de contos para nenos que usanse por Hespaña son de un xeito tal que mais ben tenden a faceren seres abulicos que homes de carácter e proveito.

As «Xuntas de Protección da Infancia», mais interes que o que poñen na inspección do teatro mundo deberan pararen nos libros adicados aos nenos. E inda millor deberan seren prohibidos todos aqueles emprentados con tipos tan miudiños que parecen seren feitos á posta para que todol os que os leían se non se quedaren cegos, perdan a maor parte da visión.


Non abonda decíre que se ama e protexe aos tenros infantes: é perciso probalo, como o fai a nosa boa amiga, verdadeira maestra no defícil e delicado xénero que cultiva.

Mais, dando de man ás anteriores consideracións que nos suxeriu o recordo d' outras obras da señora de Castro Osorio, imos agora á falar algo acerca do seus lindos *Días de Festa*. Son unha admirabre colección de cadros das festas do ano no seu país. N-elas a notabre escritora nos describe de maneira tan gráfica, admirabre e elegantísima os costumes populares que nos fai sentire co ela as sensacións que experimenta pol-a evocación os tempos pasados e o recordo das velhas tradicións da súa terra.

Vaian aquí as nosas mais sinceras felicitacións para a señora de Castro Osorio non tan só por este seu delicioso libro, no que refrexa os nabilísimos ideás do seu corazón, scion pola obra patriótica e discreta na que emprea tan maximalmente a súa podera e privilexiada intelixencia.

ECEA.

# COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

Vapores Correos de gran velocidade  Servicios directos desde o porto da Cruña

Próximas saídas DIREITAMENTE da Cruña

## Vapor LAFAYETTE 22 de Enero

Prezo en Cámara para o vapor LAFAYETTE

		HABANA	VERACRUZ
Primeira crase (varias categorías)	Ptas.	1.650 a 5.000	1.800 a 5.250
Segunda crase	"	1.100	1.200
Preferencia	"	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS.	"	600	600

Prezo en Cámara para o vapor.

		HABANA	VERABRUZ
Primeira (varias categorías).	Ptas.	1.350 a 3.600	1.495 a 3.906
Segunda.	"	1.100 a 1.125	1.200 a 1.225
Preferencia.	"	1.000	1.050
TERCEIRA CRAS	"		

A estos precios hai que añadir os impostos

Os pasaxeiros terán de presentarse n'esta Axencia cinco días antes da saída.—Ademiten carga.

Para toda crás de informes dirixirse ao seu consignatario:

**D. NICANDRO FARIÑA**, Rua de Compostela, esquina a Praza de Lugo-A CRUÑA

# COMPANÍA CHARGEURS REUNIS

E

## COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE

### Liña Brasil-Plata

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bós Aires, sairán do porto da Cruña os magníficos vapores rápidos a dúas hélices e de 12.000 toneladas,

DATA	VAPOR	Prezo en 3. <sup>a</sup> cras
23 de Xaneiro	ALBA ex-«Sierra Ventana»	484'60 pesetas
21 de Marzo	DESIRADE	484'60 »

Prezos en cámara

	Pernambuco	Bahia	Rio Xaneiro	Santos	Montevideo	Bos Aires
Prezo do billete en luxo Ptas.						
En primeira crase. . . . . »	1.475		1.675	1.725	1.950	2.435
En segunda crase. . . . . »	825		825	825	825	825

Nenos menores de dous anos, un gratis por cada familia; de dous a cinco anos, cuarto pasaxe; de cinco a dez anos—medio pasaxe; maiores de dez anos, pasaxe enteiro.

E necesario presentarse nesta Axencia cinco días antes da saída do vapor.

Para mais informes dirixirse aos seus Axentes Xeneraes en Hespaña:

**ANTONIO CONDE (Fillos)**

Plaza de Orense, 2-A-CRUÑA

Telegramas: CHARGEURS.